



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **ACTA NÚM. 2 DA MESA CONTRATACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I”, FINANCIADAS CON POS+2022**

EXPTE.: 2022/C003/000002

LUGAR: Casa do Concello, Camariñas

DATA: 4/11/2022

Sendo as 10:30 constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do decreto da Alcaldía de data 24 de agosto de 2022, estando presentes os seguintes membros:

#### **Presidente:**

D. Sergio Caamaño Fernández, Concelleiro delegado.

#### **Vogais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Castro Pena, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> María Emilia García Maneiro, Interventora da Corporación.

#### **Secretario suplente:**

D<sup>a</sup>. Begoña Romero Suárez, funcionario administrativo adscrito á Secretaría.

É obxecto da reunión, de conformidade coa orde do día da convocatoria, a apertura e análise/estudo/exame da documentación xustificativa das ofertas anormalmente baixas presentadas polos licitadores JOSE MANUEL SOTO FIDALGO, CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L., CONTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L. e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L, que optan á contratación mediante procedemento aberto super simplificado das obras ás que se refire o proxecto denominado “CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I”, FINANCIADAS CON POS+2022, así como a adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como das dúas vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte:

#### **ORDEN DO DÍA:**

##### **1º - ACTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS.**

En reunión da Mesa de Contratación de data 26 de setembro de 2022, acordouse comunicar aos licitadores JOSE MANUEL SOTO FIDALGO, CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L., CONTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L. e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L, que as súas ofertas económicas están incursas en presunción de anormalidade, ofertas anormalmente baixas, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles, para que xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 15.4.4. do prego que rexe a contratación.

Dita comunicación ás empresas realízase por medios electrónicos, sendo esta enviada aos licitadores en data 28 de setembro de 2022, procedéndose o 29 de setembro de 2022 á publicación da acta de sesión onde se adoptou o acordo, no expediente electrónico (en TEDEC) accedendo todos eles o seu contido (lidas polos licitadores). Así, o prazo outorgado aos licitadores para xustificar a oferta finalizaba aos cinco días hábiles da súa recepción polos destinatarios.

No Rexistro telemático do Concello conséntase que as empresas que a continuación se relacionan, presentan dentro do prazo concedido e nas data que deseguido se indica, un



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

“sobre” con documentación para o efecto/fin de xustificar as ofertas económicas presentadas e incursas en presunción de anormalidade:

EMPRESA	DATA PRESENT. DOCUMENT. XUSTIFICACATIVA
JOSE MANUEL SOTO FIDALGO	7/10/2022
CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L	5/10/2022
CONTRUC. Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.	5/10/2022

Non presenta xustificación dentro do prazo concedido e polo tanto considerase que renuncia a licitación, polo que procede propoñer ao órgano de contratación a súa exclusión a seguinte empresa:

EMPRESA	DATA PRESENT. DOCUMENT. XUSTIFICACATIVA
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	NON PRESENTA

Abertos o “sobre” presentados polas empresas, descargouse a documentación achegada por cada licitador e deuse traslado da mesma á arquitecta municipal, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Méndez Vilalta, aos efectos de emitir o informe técnico ao que fai referencia a cláusula 15.4.1 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación e os preceptos da LCSP antes referidos.

Unha vez emitidos pola arquitecta municipal, en data 26/10/2022, os informes técnicos solicitados, Mesa de Contratación procede a realización das seguintes actuacións:

### **ACTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS (TRAS A EMISIÓN DO INFORME TÉCNICO).**

A instancia da Presidencia procédese:

1<sup>o</sup>.- A dar lectura e a examinar os informes técnicos emitidos, de data 26 de outubro de 2022, pola arquitecta municipal, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Méndez Vilalta, en relación á documentación xustificativa das ofertas incursas en presunción de anormalidade presentadas polas empresas JOSE MANUEL SOTO FIDALGO, CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L. e CONTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L., así como a examinar a restante documentación xustificativa aportada polas empresas.

Vistas as conclusións sinaladas nestes informes técnicos segundo os cales a técnica informa:

1<sup>o</sup>.- Respecto a JOSE MANUEL SOTO FIDALGO:

.../ “concluyo que en relación a los parámetros técnicos constructivos de la oferta puestos en comparación con los definidos en el proyecto técnico objeto de la licitación:

1. La documentación presentada justificativa de la oferta se corresponde con la señalada en la cláusula 15.4.4 del pliego.

2. Se considera que la propuesta de personal y maquinaria (medios personales y medios materiales) es la adecuada cumpliéndose lo establecido en el Anexo V medios personales y materiales requeridos para la ejecución de la obra.

3. Se justifica el precio ofertado con las cartas de compromiso y el resto de documentación examinada.

-

2<sup>o</sup>.- Respecto a CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.:

.../ “concluyo que en relación a los parámetros técnicos constructivos de la oferta puestos en comparación con los definidos en el proyecto técnico objeto de la licitación:



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

1. La documentación presentada justificativa de la oferta se corresponde con la señalada en la cláusula 15.4.4 del pliego.

2. Se considera que la propuesta de personal y maquinaria (medios personales y medios materiales) es la adecuada cumpliéndose lo establecido en el Anexo V medios personales y materiales requeridos para la ejecución de la obra.

3. Se justifica el precio ofertado con las cartas de compromiso y el resto de documentación examinada.

3º.- Respecto a CONTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.:

.../ "concluyo que en relación a los parámetros técnicos constructivos de la oferta puestos en comparación con los definidos en el proyecto técnico objeto de la licitación:

1. La documentación presentada justificativa de la oferta se corresponde con la señalada en la cláusula 15.4.4 del pliego.

2. Se considera que la propuesta de personal y maquinaria (medios personales y medios materiales) es la adecuada cumpliéndose lo establecido en el Anexo V medios personales y materiales requeridos para la ejecución de la obra.

3. Se justifica el precio ofertado con las cartas de compromiso y el resto de documentación examinada.

Así á vista destes informes a Mesa de Contratación conclúe:

Que as empresas JOSE MANUEL SOTO FIDALGO, CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L., e CONTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L., xustifican de conformidade co esixido polo prego as ofertas presentadas, polo que se PROPÓN ao órgano de contratación a aceptación das ofertas e polo tanto continúan no procedemento de contratación.

Polo que á vista do anterior a Mesa de Contratación procede a realizar as seguintes actuacións:

### **PROPOSTA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO REXEITAMENTO DA OFERTA PRESENTADA POR AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS S.L.**

Visto que de conformidade co establecido no prego e na normativa de contratación administrativa a empresa AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL, non atende ao requirimento de presentación de documentación xustificativa da oferta anormalmente baixa.

Visto que de conformidade co prego que rexe a licitación cláusula 15.4.4 e 15.6, a non xustificación coa documentación requirida da oferta anormalmente baixa, entenderase asimilable a renuncia por parte do licitador.

Vistos, pois, os antecedentes anteriormente expostos, o PCAP, así como a restante documentación/actuacións que obran no expediente, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, e desempeño da funcións que lle atribúe a LCSP, ACORDA:

**Único:** Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da oferta presentada pola empresa **AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVPS S.L.** considerándoa como renuncia a licitación, declarando a oferta anormalmente baixa e quedando en consecuencia esta empresa excluída do procedemento/licitación.

Acto seguido a Mesa procede de conformidade co previsto no art. 159 da LCSP a realizar as seguintes actuacións e adoptar os seguintes acordos, os cales son incluídos na orde do



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

día a instancia da presidencia e por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto.

**2º.- ACTO DE VALORACIÓN OFERTA CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE (ART. 159 LCSP).**

Vistas as ofertas económicas presentadas polos licitadores que permanecen/deben permanecer no procedemento, tras as propostas formuladas por esta Mesa ao órgano de contratación de rexeitamento da oferta presentada pola empresa AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L., procédese, de conformidade co prego, á valoración/puntuación da oferta económica, criterios cuantificables automaticamente, acordando a Mesa de Contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto:

**Único:** Outorgar aos licitadores as seguintes puntuacións/valoracións:

LICITADORES	PUNTUACIÓNS/VALORACIÓN	
	OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
JOSE MANUEL SOTO FIDALGO	18,9	18,9
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L	3,5	3,5
CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.	25,29	25,29
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO. S.L.	0,05	0,05
MANTIDO, S.L.	11,57	11,57
CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L	20,67	20,67
SYR- AMG, S.L.	11,67	11,67
CYMCO GALICIA, S.L.	0	0

**3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

**3º.1. CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

Á vista da valoración/puntuación outorgada, a mesa de contratación por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Primeiro.-** Clasificar as ofertas presentadas polas empresas na seguinte orde:

LICITADORES	PUNTUACIÓNS/VALORACIÓN	
	OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.	25,29	25,29
CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L	20,67	20,67
JOSE MANUEL SOTO FIDALGO	18,9	18,9
SYR- AMG, S.L.	11,67	11,67
MANTIDO, S.L.	11,57	11,57
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L	3,5	3,5
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO. S.L.	0,05	0,05
CYMCO GALICIA, S.L.	0	0

**Segundo.** Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato das obras de "CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I", FINANCIADAS CON



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

POS+2022, a favor da empresa **CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.** con CIF: B15209794, no prezo total de 67.778,02 € (56.014 € + 11.763,13 € de 21 % de IVE).

### **3º.2. REQUIRIMENTO AO CANDIDATO PROPOSTO COMO ADJUDICATARIO (EMPRESA QUE OBTIVO MELLOR PUNTUACIÓN).**

Vista a proposta de adjudicación realizada por esta Mesa de Contratación a favor de CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.

Visto que a citada empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE, núm. de inscrición B15209794).

Vistos os datos/documentación rexistrados/que consta no citados rexistro, efectuadas as oportunas comprobacións ás que se refire o art. 159.4 f) 3º da LCSP, e visto o establecido na cláusula 16 do prego que rexe a contratación, é polo que a mesa de contratación, en desempeño das funcións que lle atribúe a citada lei, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Primeiro.-** Requirit á empresa CONSTR CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L. para que de conformidade coa cláusula 16 do PCAP, no **prazo de 7 días hábiles**, a contar desde o envío da correspondente comunicación, achegue por medios electrónicos e con sinatura electrónica, o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP e a garantía complementaria, de conformidade coa cláusula 16 do prego e o Anexo V.

Garantías.

Garantía complementaria: De conformidade co previsto no prego que rexe a contratación (cláusula 16.1.1) e o establecido no art. 107 da LCSP se lle require, ao estar incurso inicialmente en presunción de anormalidade, para que preste a correspondente GARANTÍA COMPLEMENTARIA dun 5 % do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo polo tanto neste caso o **IMPORTE DA GARANTÍA COMPLEMENTARIA A PRESTAR de 2.800,74 €** (5% do importe do prezo final ofertado, excluído o IVE).

A estes efectos debe constar que o correspondente documento acreditativo da garantía foi depositado, ou no seu caso expedido, tras a correspondente anotación, en/pola tesourería municipal.

**Segundo.** Recibida a documentación aportada polo licitador, dentro do prazo concedido para atender ao requirimento realizado pola Mesa de contratación, xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP e a garantía complementaria, de conformidade coa cláusula 16 do prego e o Anexo V. Dita documentación será descargada polo Secretario da Mesa e darase traslado ao Técnico redactor do proxecto e posteriormente a Intervención.

Advertir que de non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas (cláusula 16.2 do PCAP). Todo iso sen prexuízo do sinalado nos arts. 71, 72 e 73 da LCSP.

**Terceiro.** Comunicar electrónicamente o presente acordo a CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L

**Cuarto:** Solicitar ao técnico redactor do proxecto de obra, que emita informe técnico relativo a si os medios persoais e materiais que o licitador proposto como adjudicatario



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

se comprometeu adscribir a execución da obra son suficientes para a execución de dita obra (cláusula 16.1.2 do prego que rexe a contratación).

**Quinto:** Solicitar á intervención municipal que emita informe de fiscalización, logo do informe técnico.

**Sexto:** Si os informes emitidos pola intervención municipal e polo técnico redactor do proxecto son favorables elévase a definitiva a proposta feita por este órgano, propoñendo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato das obras de “CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I”, FINANCIADAS CON POS+2022, a favor da empresa **CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L.** con CIF: B15209794, no prezo total de 67.778,02 € (56.014 € + 11.763,13 € de 21 % de IVE).

**Sétimo:** Que o presente acordo así como a súa comunicación quede condicionado a que o órgano de contratación acepte as propostas formuladas por esta de Mesa de rexeitar a oferta presentada pola empresa AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.

**Oitavo:** Que pola tesourería municipal se emita o correspondente certificado relativo a se a empresa proposta como adxudicataria CONSTRUCCIONES D.OGANDO, S.L. se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, á que se anexan os informes técnicos emitidos pola arquitecta municipal, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta coa sinatura da secretaria do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

Vº e Prace,  
O PRESIDENTE,  
D. Sergio Caamaño Fernández

A SECRETARIA SUPLENTE,  
Dª. Begoña Romero Suárez